



SOLICITUDES:

A solicitude para participar neste plan formativo formalizarase segundo o modelo proporcionado polo Concello de Culleredo, que se poden recoller no Centro de Formación e Emprego “Pablo Picasso”.

Prazo de presentación das solicitudes: desde o día **16** ate o **27 de marzo** do 2015, en horario de 10:00 a 14:00 horas.

As prazas do proxecto de formación serán asignadas por sorteo público entre todas as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos esixidos na convocatoria.

Este sorteo público levarase a cabo o día 01/04/2015 ás 10:30 horas no salón de actos do Centro de Formación e Emprego “Pablo Picasso”.



Documentación a presentar coa solicitude:

- 1) Fotocopia do DNI ou do Número de Identificación de Extranxeiros (NIE) .
- 2) Autorización ao Concello de Culleredo por parte do/a solicitante á hora de presentar a solicitude, para verificar a antigüedades mínima de seis meses empadroado no Padrón Municipal de Habitantes do Concello de Culleredo.

Documentación a presentar no caso de ser beneficiario de praza neste proxecto de formación:

- 1) Dúas fotografías tamaño carné do/a solicitante.
- 2) Autorización ao Concello de Culleredo por parte do/a solicitante para verificar que están ao corrente das súas obrigas tributarias co Concello de Culleredo.

MÁIS INFORMACIÓN:

CONCELLARÍA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, FORMACIÓN E EMPREGO
Centro de Formación e Emprego “Pablo Picasso”
Rúa Antonio Machado, s/n, O BURGO
Teléfono: 981 664 204
www.culleredo.es

PROXECTO DE FORMACIÓN PARA A SOSTENIBILIDADE AMBIENTAL

A TRAVÉS DA :

PLANTACIÓN E PRODUCCIÓN DE HORTICULTURA ECOLÓXICA NOS HORTOS URBANOS DO XARDÍN BOTÁNICO “RÍA DO BURGO”



ORGANIZA:



CULLEREDO CONCELLO
Concellaría de Promoción Económica, Formación e Emprego

PLANTACIÓN E PRODUCCIÓN DE HORTICULTURA ECOLÓXICA NOS HORTOS URBANOS DO XARDÍN BOTÁNICO “RÍA DO BURGO”

DURACIÓN DO PROXECTO FORMATIVO:

De abril a decembro do 2015

Este plan formativo contén dúas accións formativas complementarias:

1) “CURSO DE HORTICULTURA ECOLÓXICA”


O curso de 60 horas de duración estará dividido en sesións de formación teórica e sesións de formación práctica.

HORARIO e DATAS do Curso de Horticultura Ecolóxica:

CURSO DE HORTICULTURA ECOLÓXICA	HORARIO e DÍAS	DATAS
Sesións de formación teórica	Os martes e xoves das 09:30 ás 11:30 horas	En ABRIL: 14, 16, 21, 23, 28 e 30 En MAIO: 5, 7, 12, 14, 19, 21, 26 e 28 En XUÑO: 9
Sesións de formación práctica	Venres das 09:30 ás 12:30 horas	En MAIO: 8, 15 e 22 En XUÑO: 5, 12, 15, 19 e 26 En XULLO: 3, 10 e 17
Sesións de práctica libre nos hortos con supervisión municipal	De luns a sábado, en horario de apertura ao público do Xardín Botánico	De abril do 2015 ate outubro do 2016

CONTIDOS DO CURSO DE HORTICULTURA:


- Introducción á agricultura ecolóxica.
- Normativa e legislación básica relacionada. A certificación ecolóxica.
- Tipos de solos.
- Planificación dun horto: acondicionamento do terreo, orientación, distribución de bancais, elección de cultivos, asociacións e rotacións...
- Ferramentas básicas para traballos no horto.
- Fertilización materia orgánica e compost.
- Cultivos asociados e rotacións.
- Sanidade vexetal: pragas e enfermidades.
- Calendario da sementeira.



2) Catro **TALLERES FORMATIVOS**, complementarios do curso de horticultura ecolóxica, que se levarán a cabo nos meses de maio, e setembro do 2015:

- **TALLER 1:** Compostaxe doméstica (4 horas)
- **TALLER 2:** Producción de semillas e mellora vexetal ecolóxica (4 horas)
- **TALLER 3:** Envasado e conservas de produtos ecolóxicos (8 horas)
- **TALLER 4:** Manipulador de alimentos (4 horas)

HORARIO dos Talleres formativos: os venres de 09:30 ate as 13:30 horas.



UBICACIÓN E INSTALACIÓNS:

- No Centro Municipal de Formación e Emprego “Pablo Picasso”
- Na Aula de Natureza do Xardín Botánico “Ría do Burgo”.
- Nos Hortos Urbanos do Xardín Botánico “Ría do Burgo”.

DESTINATARIOS/AS:

Veciños e veciñas de Culleredo que esten interesados/as en formarse na práctica da agricultura ecolóxica dentro do marco dos hortos urbanos e, máis en concreto, na posta en práctica desta formación nos hortos urbanos do Xardín Botánico Ría do Burgo”.

REQUISITOS:

- Ser maior de idade.
- Estar empadroado en Culleredo cunha antelación mínima de seis meses.
- Que a persoa solicitante poida realizar traballos de horto sen que supoña un risco para a súa saúde.
- Estar ao corrente de pago das súa obrigas tributarias ou doutra clase co Concello de Culleredo.

PRAZAS LIMITADAS:

- As prazas dispoñibles serán de 26, debéndose cubrir polo menos o 80% para posibilitar a realización do proxecto de formación.

- Cada alumno/a deste plan formativo disporá dun horto urbano ubicado no Xardín Botánico do Burgo para a realización das prácticas e poderá utilizalo durante dúas colleitas, desde abril do 2015 ate outubro do 2016.